

IRIMIA



REVISTA MENSUAL
DE CRENTE GALEGOS
ANO XLI
Nº 1036
De marzo a
abril de 2022
Benia quen constrúe
a paz!

Non haberá

paz



sen dereito(s)



A foto que fala

Nenos ucráinos foxen do terror, pero non deixan de ser crianzas.



O trasno

Daniel López Muñoz

Desacougos e perplexidades

Na burbulla europea levamos varias xeracións de inexperiencia guerreira. Sabemos da guerra por películas e libros, pero non cheiramos o seu fedor. Permitímonos seleccionar que guerras silenciámos e que guerras amplificamos. Miramos de arriba a abaixo as “sociedades aínda guerreiras”, esas que non acadaron o noso “nivel de civilización”. Pontificamos sobre as guerras dos outros. Mesmo tendemos a esquecer que eses “outros” non son necesariamente eritreos, vietnamitas nin congoleses, senón que son, eran, os nosos avós.

Na propaganda do “mellor dos sistemas posibles” vannos guiando para escoller que agresións militares son xustas e inxustas, que invasións son tolerables e intolerables. Invadir e anexionar o Sahara, ocupar e masacrar Palestina, agredir o Iemen do Sur... son cousas aceptables. Marrocos, Israel e Arabia Saudí son amigos do imperio americano. Hai un muro de silencio, de “realismo”, de “*real politik*”. Non vemos mulleres preñadas coa cadeira rota saíndo a berros dun paridoiro bombardeado. Pero habelas, hainas, fixo.

Despois, hai certa esquerda na que sobra esquematismo. Contra a OTAN vivíase mellor: *Otan non, bases fóra...* Estaba ben. Cumpría reforzar o desarme, a cultura da paz. E segue estando ben. Na medida do posible. (Velaí: cales son os límites da posibilidade dunha paz mundial e perpetua?). Esquecemos de contado: a II República, a invasión dos Sudetes e Polonia polos nazis. O pensamento simple non serve en situacións complexas. Gobernar está cheo de grises, de males menores. Como a realidade mesma.

E logo está o “misterio do mal”, ben misterioso para quen vive ben ou moi ben. O mal existe, seica. Hitler foi real, como Franco, Stalin e Bokassa. Os pobres do mundo están máis familiarizados con el, os nosos avós e avoas tamén. Ai, a maldade! -a psicopatía con poder militar, se preferides-, que nos vén alterar o noso pacifismo esquemático. Porque o de Putin foi un desafío: Si, vale, Putin é un autócrata. Si, de acordo, manobrou para perpetuarse no poder. Si, si, seica envelena a oposición con polonio, encadea os xornalistas, despreza os dereitos hu-

manos e non rende contas a ninguén. Pero está contra a OTAN.

Non é que a OTAN teña agora a razón. É que Putin lle deu unha nova razón de ser. Víase vir. Admirado por Salvini, chufado por Le Pen. “Un ejercicio de liderazgo y una claridad más que notable”, dicía del literalmente Aznar. Con esas credenciais, non sei que dúbida pode haber con respecto ao dereito de defensa do pobo ucráino.

Sen renunciar á paz xusta, dicía Jon Sobrino sobre a violencia guerrilleira: “Pode ser eticamente lexítima se é o único modo de acabar cunha violencia prolongada, masiva e cruel”.



Que corra o aire

Resultaba moi significativo o que estaba a pasar na Igrexa española con respecto ao asunto dos abusos e a pederastia, especialmente cando se comparaba con actitudes e enfoques como os da Igrexa francesa ou alemá. En ámbolos dous casos víase unha actitude pro-activa, unha implicación das autoridades eclesiásticas no esclarecemento dos feitos e na reparación dos danos. Como non desmarcarse de semellantes prácticas e liderar o seu esclarecemento, pase o que pase e caia quen caia?

A ambigüidade e o cálculo non parecen as mellores actitudes fronte a tamaño escándalo. É certo e evidente que non só se abusou sexualmente da infancia dentro da Igrexa, que tamén pasou no deporte ou na música, en organizacións civís de diversos tipos ou mesmo na veciñanza e nas familias. Pero millóns de nais e pais, de maneira absolutamente confiada, deixaron aos seus fillos e fillas en mans de institucións que se supoñían uns espazos seguros, onde se esperaba, ademais, que se lles ensinase a respectar a vida e a defender os indefensos..., pero onde non se velou coa dilixencia debida para evitar que aquelas pequenas persoas en crecemento, indefensas, fosen sexualmente molestadas, abusadas ou directamente violadas. Resulta aterrador, pero parece que en moitos estamentos e sectores clericais non se tomou conciencia da enorme gravidade desta historia.

Nin sequera diante dos relatos detallados de vítimas concretas, relatos que removen as entrañas de calquera persoa de ben, parecía haber unha reacción digna de tal nome, unha indignación proporcional ao mal causado, unha iniciativa decidida de abrir portas e ventás e facer unha limpa en condicións.

Por iso no seu momento os medios de comunicación salientaron positivamente a actitude do arcebispo de Santiago apoiando unha investigación sen reservas, feita desde ámbitos civís e democráticos, en liña tamén coa postura do cardeal arcebispo de Madrid e coa actitude do cardeal Omella, presidente dos bispos, recibindo a asociación de vítimas “Infancia robada”. E por iso mesmo esa mesma opinión pública e as vítimas de abusos desconfían cando se encomenda por parte da Conferencia Episcopal unha auditoría sobre este asunto a un equipo dirixido por un coñecido membro do Opus Dei.

A Igrexa ten un “problema orixinal” co sexo, co corpo. É imposible separar ese asunto dunha visión negativa, pecaminosa, patriarcal da corporeidade. Resulta tamén difícil separala dun celibato ou unha castidade obrigatorias, en demasiados casos malvividas como pura represión. Os abusos sexuais poden ser un síntoma, a punta do iceberg: unha espiritualidade, unha relixiosidade arredada ou enfrontada ao corpo non é sa e pode ser moi perigosa.

**Como non desmarcarse
desas prácticas e liderar
o seu esclarecemento
pase o que pase e caia
quen caia?**

Amiguiños si...

Carlos Vázquez G.

A monarquía esmorece e a república agroma

Franco, para deixar “todo atado e ben atado”, restaurou a monarquía, pero saltou a orde dinástica de sucesión para deixar ben claro quen mandaba neste país. A monarquía quedou integrada na proposta de Constitución de 1978, sen consultar previamente a cidadanía. É dicir, ou democracia outorgada coa monarquía de Franco dentro, ou non habería consenso, coa perspectiva de se perpetuar o Movemento Nacional.

O consenso sobre a Constitución coa monarquía dentro teceuse con fíos de distintas cores: a pantasma da guerra civil, o medo, o “medo que mete medo” (que diría Castelao), a amnistía de dobre fío que permitiu a impunidade dos crimes da ditadura, o instinto de supervivencia das grandes fortunas amasadas coa corrupción franquista, as aspiracións e as loitas da cidadanía pola democracia, a pluralidade ideolóxica e política da sociedade española, a pertenza cultural e política dos pobos de España a Europa, o vello tuciorismo do mal menor; e, sobre todo, o sentir maioritario de lograr unha saída pacífica á ditadura. Estes fíos máis outros coma estes foron fundamentais para a urda e a trama do tecido constitucional do 78.

Hoxe, a deterioración deste tecido é irreversible: pola maduración democrática da cidadanía, pola remuda das novas xeracións, polo desgaste da corrupción que apodrenta institucións e, de forma relevante, a Coroa; e, seguramente, pola incapacidade que o propio sistema tivo para reformarse, para remendar ou zurcir, a tempo e con axilidade, o seu tecido constitucional.

Todo indica, xa que logo, que rematou o tempo da monarquía e da Coroa en España. Tardará algo máis ou algo menos de tempo cronolóxico, pero o tempo político que lle queda é pouco. Isto implica que o país debe ir preparando e construíndo diligentemente a alternativa: unha república plenamente democrática, tal vez federal e, sen dúbida, transversal, para acoller, harmonizar e representar o rico abano ideolóxico, político, territorial e cultural que o país ofrece.

Tardará algo máis ou algo menos, pero o tempo político que lle queda á monarquía en España é pouco.



Non se trata só de cambiar de réxime —que tamén—, senón, sobre todo, de elaborar, construír e asentar un marco republicano; un proxecto político e social imbuído dos grandes valores republicanos de hoxe. Non se trata de recuperar a República do 31, por moito que dela teñamos que aprender, senón de articular a república española do século XXI que, ademais dos tradicionais principios de protagonismo da cidadanía, democracia, garantía dos dereitos e liberdades ou respecto á legalidade, incorpore os valores do feminismo, a sostibilidade da vida humana no planeta, a igualdade e a equidade social ou o estado do benestar.

A todos os demócratas lles atangue esta perentoria necesidade e, nomeadamente, a esas agrupacións das esquerdas que, segundo din, tratan de construír unha ampla fronte transversal e transformadora. Deberían ter moi en conta que a monarquía esmorece e a república agroma.

...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

IRMIÁ

Despois de Feijóo, que? (I)

"Alcalde, todos somos contingentes, pero tú eres necesario!", dicían en *Amanece que no es poco*. Co mesmo goce e entusiasmo, recibían a Núñez Feijóo os militantes e simpatizantes do PPdeG; como non se estila en política a finura dos diálogos que tiña José Luís Cuerda, convertíanlo en aquilo de "Presidente!, Presidente!" sen meterse en fonduras teolóxicas. Pero a intención era a mesma: Feijóo era o necesario, o que permanece; o resto, figurantes. Claro que na política que nos toca vivir, ata o necesario é mera posibilidade e xa vai Núñez Feijóo camiño de Madrid. Vaidades persoais á marxe, é un acontecemento maior na vida política galega. Nos últimos doce anos, Feijóo, condicionouno todo: o debate electoral, as estratexias dos partidos, as políticas públicas etc. Só por iso é necesario darlle unha volta a como vai quedar o panorama político do país e intentar divisar por onde pode evolucionar na medida que racionalmente se poida.

O contexto

A dificultade principal para poder prever que pode pasar en Galicia logo da marcha de Feijóo está no *imprevisible, caótica e, en boa medida, incomprendible que se volveu a política contemporánea*. Con esta afirmación comeza o novo libro do politólogo Ignacio Sánchez Cuenca (*El desorden político. Catarata, 2022*) e con esta premisa sempre presente é como se debe intentar entender o que pode pasar. E, ademais, a guerra.



A guerra de Ucraína é o gran asunto dos nosos días. Xa cambiou todo o sistema no que viviamos e aínda non sabemos ata onde van chegar as modificacións que padeceremos. Os horizontes menos malos [*sic*] que se barallan son: unha guerra longa de ocupación en Ucraína –un Afganistán II– ou un foco de tensión con armamento a esgalla na mesma fronteira da Unión Europea. É dicir, que o menos malo é que non haxa unha guerra nuclear.

En Galicia non imos escapar dos efectos económicos da invasión de Ucraína nin de como vai afectar ao ánimo dos galegos no comportamento electoral etc. Todo iso terá repercusións no panorama político e de como será a substitución de Feijóo á fronte do Goberno galego.

Nos próximos artigos tentaremos debullar os distintos aspectos da *transición*, que pasan pola chegada do vicepresidente Rueda á presidencia da Xunta, o que levará aparelado o liderado do PPdeG. A Rueda espérao un momento crucial, o seu paso polo estreito de Escila e Caribdis: as eleccións municipais do 2023. Un mal resultado espertará todas as tempestades hoxe acougadas. Eleccións municipais que tamén serán esenciais para construír a posible alternativa aos populares... e todo pendente da guerra en Ucraína e de se Pedro Sánchez adianta eleccións.

Nos últimos doce anos, Feijóo condicionouno todo na vida política galega

O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo



E ARMARON AS DE CRISTO

Benquerido Santo Antón:

Grazas por compartires connosco as túas memorias, os teus sentimentos.

Se ti levabas uns días que non dabas para máis, asegúroche que por aquí as cousas se nos puxeron de golpe ben mouras. Cando parecía que estabamos esquivando o do Covid-19, xorde unha guerra en Europa; Rusia invade Ucraína, ben o sabes. Volta ás bombas, aos mísiles, aos estoupidos, á destrución, á morte, á xente refuxiada en países veciños; volta á guerra de informacións certas ou falsas. Armaron as de Cristo, que quere dicir que a xente máis débil, que son os cristos reais, será a que sufra, chore, se

afunda, morra sen remedio e sen sentido. E non sabemos cando nin de que maneira será a Pascua para eses cristos.

Por aquí ben ves que nos mobilizamos contra esa guerra (e está ben), que nos amosamos xenerosos á hora de acoller eses máis de tres millóns de refuxiados (e está ben), que renegamos dos feitos dese Putin (e está ben tamén). Pero temos medo.

Coñecéndote, seguro que nos farás algunhas preguntas: Por que vos alporizades tanto agora e non o fixestes cando EEUU e socios invadiron Irak ou Afganistán, ou impuxeron ditaduras sanguentas en Sudamérica? Hai mortos de primeira e mortos de segunda? Por que abrides as vosas portas a eses



refuxiados e llelas pechades a outras vítimas? Pensaremos nas respostas.

Ben ves como andamos, querido Santo Antón. E non damos aprendido. Levamos a guerra ou a paz no corazón, para que tan axiña boteamos man dela para resolver conflitos? Como celebrar a Pascua así?

Ás veces, moitas veces, este mundo parece unha merda. Ides ter que nos botar unha boa man, abofé! Contamos convosco. Apertas, amigo, un millón de apertas.

O CARRABOXO UXO por ROBE LOIS



O peto común

Josecho de la Torre Culler

Sexamos un tilín mellores e moito menos egoístas.



EMIA

Que a guerra de Ucraína vén a axitalo todo é tan evidente como tamén o é que antes do 24 de febreiro o mundo xa non vivía en paz. Os axentes implicados, segundo quen, acrecentan a dimensión dos conflitos e as súas consecuencias, pero sempre cos mesmos damnificados, xente inocente que dun día para outro ve como creba *o seu dereito de vivir en paz*, como di a canción de Víctor Jara.

O egoísmo por ser máis, por amosar máis, por impoñer máis, por silenciar máis..., maniféstase de forma extrema en guerras e conflitos varios. A xenerosidade por el, por ela, por eles, por elas, por todos, lévanos á paz e á construción dun mundo mellor. María Montessori dicíao moi ben: “Todo o mundo fala de paz, pero ninguén educa para a paz. A xente educa para competir e este é o principio de calquera guerra. Cando eduquemos para cooperar e ser solidarios uns con outros, ese día estaremos educando para a paz.”

Dende 1964 celébrase o Día Escolar da Paz e a Non Violencia. Un día e unha celebración dunha tremenda importancia, que resulta lúdica e divertida, pero que quizais esvaece entre o excesivo “celebrámolo e conmemorámolo todo” (isto merecería un “Peto” enteiro). Educar na paz debера estar nos 365 días do ano e amosar, como así dixo Celso Emilio, falarnos como irmáns por riba de todas as fronteiras, por riba dos muros e valados;



e, tamén, compartir sonos iguais. Cantas veces escoitamos aquilo de que a paz comeza en cada un de nós, en cada día...

Hoxe traio a este Peto a todas as persoas que pasaron por este mundo sementando paz, que educaron co seu exemplo diario, xeneroso e cheo de empatía, que amosaron os seus ideais, pero sen impoñelos, que souberon escoitar incluso o pensamento máis diferente con respecto e que entenderon que o gran conto este de vivir un pouco trátase de tender pontes e non destruílas. Que o soño de todos sexa ver pronto a PAZ mundial e, como diría Silvio, que aprendamos a ser *un tilín mellores e moito menos egoístas*.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

A valentía é un valor. O uso que se dá dese valor é no que poderemos diferir. De todos os xeitos, estaredes comigo en que a historia que vos vou contar é unha historia de valentes.

Máis de 8000 científicos e científicas rusos publicaron unha carta na que condenan a invasión de Ucraína. Nela esixen a fin da agresión militar e critican os motivos que levan a Putin a tal tolería. Ademais afirman que Rusia estase a condenar ao illamento, que fai que o traballo investigador ruso non se poida levar adiante coa cooperación dos seus colegas.

Os que asinaron a carta poñen en perigo a súa liberdade, xa que poden enfrontarse a quince anos de cárcere. Poñen en perigo o seu traballo, o seu xeito de vida... Unha forma de valentía que penso que é importante destacar.

Non é casualidade que sexan as persoas de coñecemento as que dean o paso. Son os sabios do seu país. Homes e mulleres cheos de estudos, de horas de traballo, de lectura e de



traballo en equipo con xente de todo o mundo. Por iso é tan importante a educación e o coñecemento. Ter curiosidade e aprender para non caer na consigna fácil nin no populismo. Necesitamos no noso mundo cerebros cheos de paixón polo saber. Cerebros valentes.

Beatriz Cedrón



A REVOLTA DE MULLERES NA IGREXA

convocou o 6 de marzo en Galicia dúas concentracións para a defensa da dignidade e a igualdade das mulleres na Igrexa, nas que se reclamou o avance na inclusión da muller nos espazos eclesiais: “Estamos capacitadas e chamadas a participar en todos os espazos de decisión e tamén algunhas sentímonos chamadas a practicar os ministerios”. Alertan da perda dun caudal de achega intelectual, emotiva e de efectividade que empobrece o conxunto e que é, ademais, inxusto.



O pasado 10 de marzo celebrouse o 50 aniversario do asasinato de Daniel Niebla e Amador Rey, traballadores de Bazán, pola policía franquista. A oposición á sinatura dun novo convenio deu lugar a despedimentos, que foron obxecto de protestas nas rúas, coa conseguinte represión policial. En memoria destes acontecementos, instituíuse o 10 de marzo como **DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA** e este ano asinou un manifesto conmemorativo (máis información en Facebook: Dez De Marzo Cincuenta Aniversario).

O PROXECTO XORIMA

é unha iniciativa multimedia que dende hai xa dous anos pretende recoller e divulgar a historia dese grupo chairego nacido en 1981. Como froito deste traballo, xa se presentou en marzo, en Vilalba, un libro e está a piques de divulgarse un documental, que despois se vai levar ás redes sociais, así como moita información relativa ao grupo. Xorima publicou un único disco no ano 1985, que foi reeditado en numerosas ocasións.



A nova Constitución *Praedicate Evangelium* (**PREDICADE O EVANXEO**) foi publicada por sorpresa en marzo, tras 8 anos de traballo, cunha orientación “máis misioneira” e procurando “maior presenza de laicos e mulleres na administración” da Igrexa. Entre as súas novidades está a creación de novas secretarías (Comunicación ou Economía), dicasterios e a adopción de medidas para acelerar as causas sobre abusos a menores. Entra en vigor o 5 de xuño.

Os tres principais encausados polo **CASO CARIOCA** resolveron cunha condena dunha ducia de anos de prisión (en conxunto) unha petición inicial de máis de 520. O acordo coa fiscalía deixou atrás a impiedade da maioría dos delitos imputados. Namentres, a xuíza instrutora foi apartada do xulgado por “retrasos inxustificables” nunha causa que se dividiu en 49 pezas, o que axudou a desmontala. Na trama había nomes de empresarios, políticos, policías nacionais, municipais e gardas civís.



O Tribunal Supremo confirmou a **ANULACIÓN DE DOUS PARQUES EÓLICOS** en funcionamento en Mondoñedo, fallando en contra dos recursos da Xunta e da empresa Norvento. Tramitados de xeito fraudulento como dúas instalacións independentes, trátase en realidade dun único parque fraccionado ilicitamente, o que implica a nulidade da Declaración de Impacto Ambiental e, polo tanto, do proxecto, o cal tampouco tivo en conta a afectación do Camiño de Santiago dun xacemento arqueolóxico e de dúas lagoas.



A ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE

naceu hai 10 anos como unha iniciativa do mestre Alfonso Franco e co apoio de profesores e alumnado da ETRAD de Vigo, para promover a utilización do violín na música tradicional. Para celebrar a súa primeira década, a asociación publicou un disco, *Acanteira*; nel tocan rapazas e rapaces de entre 13 e 24 anos, utilizando unha metodoloxía que amosa que se pode facer música sen depender dunha partitura, “xogando” e aprendendo a tocar o que soa na cabeza.



A Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) publicou o libro de Guillermo Ignacio *Damas e ghaláns no Entruido de Nergha. Unha danza de Entroido no Morrazo*, investigación sobre esta **DANZA** perdida hai 70 anos, que pretende axudar a coñecer, así como concienciar a veciñanza sobre a súa importancia e, por último, recuperar. O traballo baséase na información aportada por veciños e veciñas de Nerga e outras aldeas de Hío e Darbo e nun vídeo gravado por Antón Beiras no torreiro de Nerga en 1951.

Sáhara no corazón

Muller no exilio

Despois da tormenta de area
érgueste, baixo a alba do deserto,
e marchas, levando o peso do exilio ás costas,
sacudindo o po, que entolda cal catarata
o teu mirar nostálxico.

Aí estás, muller, contra o vento e o seu
desánimo,
mesturando con amor a graza da nosa
vitalidade.

Á tardiña, xa ben cansa pero á vez
amable e galante, vaste,
deixando rastros de somnábula,
afundíndote na area,
a unha cita co solpor.
E con alivio, séntaste a evocar
o teu horizonte.
O solpor é gris, é amarelo, é vermello,
alí todo se mestura, acribillado polo
siroco
de sangue,
por tormentas de pólvora e po.
E ti, muller, percibes que o teu onte e o teu hoxe
será o mesmo que mañá.

E vas, de volta
deixando un ronsel de soños
e sombras sacudidas polo vento.
Mentres, espertan as túas pegadas
para afrontar a seguinte tormenta
que aos teus ollos se aproxima.

Saleh Abdalahi Hamudi. (El Aaiún.1971)







Vai para dez anos daquel verán do 2012 no que Sabela Núñez, Carlos Montero e os seus fillos e fillas -Iago, Ánxela, Paulo e Rosalía- fixeron unha viaxe solidaria a unha Ucraína esperanzada. Aí nace a novela O agasallo de Anya (Galaxia, 2013), que foi, e segue a ser, empregada nas escolas de Galicia. Alí, en Vorzel, a 30 quilómetros de Kíiv, ademais de brindarlle axuda a un orfanato, puideron coñecer xente como Natascha, coa que seguiron en contacto, mesmo nestes días, nunhas circunstancias ben diferentes.

Antes de nada, como se vos ocorreu aquela aventura?

Ademais de levar desde o ano 1989 como Casa de Acolida da Asociación “Fogares e apoio ao menor. Lar”, en Muimenta, e, polo tanto, convivindo con menores de Galicia en situación de desprotección, gústanos moito viaxar e facémolo coas nosas fillas e fillos como parte da súa formación e educación.

No verán de 2011 estivemos en Cabo Verde, na Ilha de Sal. Nas noitiñas saíamos coas nosas pelotas inchables que levabamos para xogar e axiña xuntabamos arredor de nós dúcias de crianzas dando patadas ao balón. Sorprendeunos a ilusión que lles facían eses xoguetes e regalámoslles.

Así, decidimos que o verán seguinte viaxariamos a un lugar no que as nenas e nenos tivesen escaseza de recursos e aproveitaríamos a nosa equipaxe para compartir con eles parte do que nós tiñamos, conscientes de que podíamos prescindir de moitas cousas e de que, ademais, sairíamos dobremente beneficiados dese intercambio.

É importante axudar a Ucraína, igual que a outros pobos ocupados e oprimidos, como os palestinos ou saharauís

Creamos logo un humilde proxecto familiar: “Mochilinhas de cores” (www.mochilinhasdecores.blogspot.com), que nos permitiu aproveitar as nosas vacacións en Ucraína para compartir con aquelas crianzas 110 quilos de material escolar e pequenos xoguetes, que lles entregamos persoalmente, recibindo os seus sorrisos e agradecemento que, sen dúbida, tiñan ben máis valor do que o noso agasallo.

Un desafío familiar. Como imaxinabades a cousa e como foron cambiando as vosas perspectivas...?

Buscamos información sobre a realidade do país e vimos que eran moitos miles os nenos e nenas enfermos e/ou abandonados polas súas familias, vivindo en orfanatos dependentes da axuda humanitaria e da beneficencia, xa que apenas contaban con axudas governamentais. Visitándoos sobre o terreo, fomos conscientes de que había maior pobreza da que nós esperabamos atopar e, aínda que o material escolar e xoguetes que levabamos foron moi ben recibidos, era patente a escaseza de alimentos e outros produtos de primeira necesidade.

Así foi como, de volta á casa, puxemos en marcha un novo proxecto: “Cestinha de cores” (www.cestinhadecores.blogspot.com), que nos permitiu xuntar 1040€, que gastamos, integramente, en mercar alimentos, cueiros e deterxente nun supermercado situado nas proximidades do orfanato de Vorzel, que nesta guerra, con cincuenta crianzas, tivo que ser desalojado nos primeiros bombardeos. Para facer esa

compra e entregala, viaxamos alá nunha fin de semana de abril de 2013.

En que medida a novela infanto-xuvenil O agasallo de Anya recolle esa vosa experiencia?

Mira, eu non sería quen de escribir esa novela se non a “vivise” previamente. Podería dicir que non foi da cabeza, senón do corazón, de onde saíu O agasallo de Anya. Na novela hai dúas protagonistas: Anya, que é de Ucraína, e Xiana, que é galega. Con esta última séntense identificadas moitas das nenas, e tamén nenos, que visito



feliz cada vez que falabamos con ela, ata que o seu mundo e as súas ilusións se viron truncadas pola invasión rusa, pola guerra, hai menos dun mes.

Estes días vive no medio do horror, sufrindo pola súa familia e por ela mesma, ao tempo que observa como destrúen o seu país e o futuro da súa xente. Permanece alí, pero non sabe por canto tempo será. Sabe que, noca-so de tomar a difícil decisión de fuxir, acollerémolos con cariño e agradecemento.

7.- Como valorades toda esta loucura desde que se inicia a invasión militar?

Como persoas que levamos toda a vida defendendo o antimilitarismo e o pacifismo, parécenos inconcebible que se teña chegado a unha situación de guerra por uns intereses de carácter estratéxico e económico na que, coma sempre, quen saen peor parados son os cidadáns e cidadás aos que lles ca-dra estar vivindo nos lugares atacados e masacrados.

Vemos importante axudar o pobo ucraíno, pero igual que debemos poñernos do lado doutros lugares e outra xente que leva anos sendo oprimida, como é o caso de Palestina ou mesmo dos refuxiados saharauís.

É urxente que haxa negociación e chegar a acordos que permitan paralizar esta guerra, dándolle ao pobo ucraíno a paz e a tranquilidade que merece.



en colexios tras leren esta historia. Eu mesma me vexo reflectida no ser e sentir desa nena, egoísta por veces e solidaria noutras ocasións.

Anya tamén podería ser calquera das rapazas que visitamos nas nosas viaxes a Ucraína.

Que se respiraba en Ucraína naquela altura?

Vimos unha Ucraína ilusionada, construíndo un presente e futuro mellores tras independizarse da antiga URSS anos atrás. Tivemos a sorte de coñecer unha rapaza e a súa familia. Así interactuamos con xente de alí e apreciamos como á xente maior lle custaba pasar dunha situación na que o Estado lle cubría necesidades como traballo ou vivenda, a ter que conseguilas co seu propio esforzo. Porén, entre a mocidade apreciábase ilusión e expectativas de mellora.

Ese cambio, difícil de xestionar nalgúns sectores, causaba tamén situacións incómodas que vivimos alí, relacionadas coa corrupción policial. Era moi frecuente que nos parasen na estrada e nos impuxesen multas sen proba ningunha de ter infrinxido ningunha norma e sen entregarnos ningún tipo de xustificación unha vez abonado o importe que solicitaban e que, en moitas

ocasións, quedaba considerablemente reducido tras o regateo de rigor.

A rapaza que dis, Natascha, pasará a ser o voso vínculo familiar con Ucraína. Como eran os seus soños?

Natascha era unha rapaza de familia moi humilde dun barrio de Kíiv, estudante español e devecía por coñecer diferentes lugares e culturas. A súa ilusión, con 19 anos, era aprender idiomas e que iso lle facilitase traballar e viaxar por diferentes países do occidente europeo. Para nós foi de gran axuda. Acompañounos aos primeiros orfanatos que visitamos e mesmo nos escribiu unha "carta de presentación" en ucraíno para acudir a outros fogares infantís aos que non nos puido acompañar. Agradecía moito a nosa preocupación pola infancia do seu país.

Abriunos as portas da súa humilde casa e forxamos unha amizade que perdura a día de hoxe.

6.- Que sabedes da súa situación? Como cambiou o seu pequeno mundo?

Continuamos en contacto con ela desde entón e así soubemos que, tres anos despois do noso último encontro, casou e a día de hoxe é nai de tres crianzas. Mudouse a unha zona rural situada ao sur da capital e notábase

Na Igrexa con voz e voto

O 6 de marzo foi un día moi especial para celebrar a Revolta das Mulleres na Igrexa, baixo o lema “Na Igrexa con voz e voto”. En Galicia, contamos con dúas concentracións: unha no Cristo da Victoria, en Vigo, e outra na Praza da Quintana, en Santiago, organizadas polas Mulleres Cristiás Galegas.

O sentimento que hoxe me asolaga como muller na Igrexa é de tristura. **Dóeme que a Igrexa non acolla a muller con plenos dereitos e en igualdade cos homes** na vida e na estrutura eclesial. Non se trata de buscar o poder..., trátase de ser iguais para servir mellor, de construír unha comunidade fraterna capaz de ser testemuña evanxélica, unha comunidade onde non hai marxe para a exclusión.

Foi importante para min sentirme apoiada no 6M por mulleres e homes, laic@s e relixios@s... xuntos pedindo na rúa que a Igrexa escoite o que xa é un berro en tantas comunidades cristiás de todo o mundo, que non se entenden vivindo doutra maneira. Por iso o meu berro tamén foi un berro de esperanza.

Pilar de Francisco

Paréceme que está ben celebrar este tipo de accións porque a Igrexa tense que democratizar, dando xa voz e voto ás mulleres en todas aquelas decisións que nos afectan a todas as persoas que a formamos.

Para min, significa unha loita para conquistar uns dereitos que na Igrexa se nos veñen negando dende sempre. Así mesmo significa un avance na unidade das mulleres para reivindicar os nosos dereitos e facelo dun xeito festivo, alegre e reivindicativo.

Significa ir construíndo xuntas unha igrexa nova, de iguais, que acompaña a todas as persoas, sen distintos, sendo sensibles ante a diversidade familiar e ante os problemas que viven e sofren as persoas con precariedade, excluídas, marxinadas, empobrecidas, migrantes, vítimas da violencia e as guerras.

Pilar Cuesta



Fun con ilusión a Santiago, pois cando as Mulleres Cristiás Galegas nos xuntamos crease un ambiente alegre, de unión, cordialidade, empatía etc. Había unha enerxía especial, coma sempre que nos reunimos, ou eu así o percibo. Sabémonos no mesmo barco e co mesmo rumbo. Apoiadas unhas nas outras. Iso empodéranos, danos forza para reivindicar o espazo que nos é negado dentro da Igrexa por mor do noso corpo, un corpo sempre baixo sospeita. Achegáronse persoas de Lugo e doutros lugares e, por suposto, contamos coa axuda inestimable de Xan, que sempre está aí, ao noso lado.

Foi un día precioso, o tempo tamén nos acompañou. Abrazámonos e cantamos cancións con letras reivindicativas creadas por nós. Acabado o acto, ata lle fixemos competencia, nos distintos estilos de música, a un “cantante” da rúa! Celebrámonos e xantamos xuntas, en comunión con todas as mulleres do Estado, que tamén saíron á rúa este mesmo domingo para berrar ao unísono: **ata que a igualdade sexa costume**.

Cheguei á casa moi contenta e coas pilas recargadas.

Eva Queiro Uhía

Somos mulleres que rexeitamos un ser de Igrexa machista e patriarcal, que cremos na igualdade real.

Dende aí participo na Revolta das mulleres na Igrexa, empuxando a historia, convencida de que unidas conseguiremos que algún día outra Igrexa sexa posible. Porque as voces das mulleres son voces sabias, voces que transmiten unha imaxe dun deus “todogarimoso”, que nos enche a vida e nos da folgos para conseguir que as estruturas caducas e machistas se convertan en espazos inclusivos onde todas as persoas, sen excepción, sexan partícipes e participantes activas nun plano de igualdade, sen paternalismos nin clericalismos opresivos.

Este é o meu soño e creo que tamén é o soño de Xesús. **“Ata que a igualdade sexa posible”.**

Macamen Díaz

O 6M é un día imprescindible na vida da Igrexa, ao igual que o movemento da Revolta das mulleres. Neste día visualizouse o traballo que este colectivo fai por transformar a Igrexa e a sociedade. Créase o espazo necesario para que outras organizacións e cristiáns e cristiás de base poidan participar apoiando esta reivindicación de igualdade, do mesmo xeito que nas manifestacións do 8M toda a sociedade se une aos grupos feministas saíndo á rúa.

O día 6M atopamos un grupo alegre, seguro da súa loita, sen complexos e moi acolledor. Así, foi fácil atoparse integrada, acollida e agradecida polo traballo que lideran na Igrexa e co que a IOAC está en plena conexión.

Non pode ser que este cambio imparabile que se dá na sociedade non teña un reflexo na vida da Igrexa. Poder ser co-partícipes del é unha responsabilidade e un privilexio.

Clara Raposo



Cando falamos de “revolta” na Igrexa, estamos a falar de reivindicacións serias, demandadas por moitos grupos de mulleres e homes a nivel mundial e que repetiremos ata que o noso clamor chegue ao Vaticano.

Énchenos de orgullo pensar que neste momento estamos concentrados en máis de 17 cidades ante as portas das nosas catedrais, para esixir a igualdade e o recoñecemento da dignidade das mulleres na Igrexa. Tamén que desde fóra das nosas fronteiras, noutros países como México DF, Angola ou Colombia, estase a repetir o mesmo berro.

Todas e todos os participantes buscamos a paz, demandamos xustiza e reparación dos erros cometidos pola nosa Igrexa, **demandamos unha Igrexa sinodal e un Deus pai-nai razón.** Razón pola que berramos con forza: “Abonda xa, abonda xa”.

Día de reivincación, feliz, pleno e cheo de emocións, alegría do encontro de amigas e amizades.

Marieta Santos

Adultos vulnerados en la Iglesia


A lectura deste libro de Paula Merelo (Madrid, San Pablo, 2022) non nos deixará indiferentes. A partir dunha investigación realizada sobre máis de 300 enquisas, introdúcenos no marco de comprensión imprescindible para entender o entramado perverso dos abusos a persoas adultas. O número de mulleres adultas abusadas por clérigos ou relixiosos é o cuádruple ca o dos abusos a menores; porén, a súa situación é aínda máis invisible e estigmatizadora. A incorrecta comprensión do consentimento dificulta, en numerosas ocasións, a credibilidade do feito e a tipificación do delito como tal porque se non houbo forza física e a persoa é maior de idade, o feito non se entende como abuso, senón como consentimento, dado o modelo patriarcal e machista dominante na sociedade, e moito máis na Igrexa.

O libro confírmanos, unha vez máis, que non podemos considerar os abusos como feitos illados, senón como unha realidade sistémica reproducida unha e outra vez pola cultura do ocultamento, o clericalismo e a complicidade cos abusadores. Como describe este libro, case todos eles varóns de prestixio e recoñecemento na propia Igrexa e nas institucións das que forman parte. Na maioría dos casos, figuras públicas e “exitosas”, ás que chamamos para que nos dean conferencias ou acompañen exercicios espirituais. O libro resulta sumamente esclarecedor, pero hai, sobre todo, dous aspectos que resultan especialmente reveladores:

O primeiro é que o abuso sexual ten que ver coa conduta sexual, pero sobre todo co poder. O abuso da xenitalidade non é máis ca a punta do terrible iceberg que implica un abuso de po-

der, de confianza e, frecuentemente, de conciencia, danando o máis profundo e íntimo da persoa e producindo unha gran confusión de límites entre vítima e vitimario. Esta confusión agrava aínda máis o sentimento de culpabilidade que todas as vítimas de abuso senten a pesar de non teren ningunha responsabilidade sobre isto. O abuso enmárcase dentro do proceso de acoso e sedución á vítima (*grooming*), no que o abusador vai inhabilitando as defensas das vítimas, facéndoas sentir especiais e manipulando a súa vontade desde a autoridade espiritual que as vítimas lle recoñecen, o que as desestabiliza totalmente e as incapacita para facer fronte ao abusador, ata que a violencia se fai insostible, illándoa nun círculo pechado do que é moi difícil saír, dado o prestixio e a credibilidade social e espiritual do abusador. Este proceso constitúe un *auténtico incesto espiritual* tremendamente destrutivo, xa que a agresión prodúcese no máis sagrado da persoa e no contexto dun acompañamento espiritual, ás veces incluso no marco da confesión sacramental, provocando na persoa unha profunda crise vital e de fe moitas veces irreversible.

O segundo aspecto ten que ver coas condicións estruturais da Igrexa que favorecen os abusos. A sacralización do poder clerical, a asimetría nas relacións interpersoais e o baixo nivel dos discernimentos vocacionais de clérigos e relixiosos son unha chave fundamental para propiciar os abusos, polo que é urxente poñer fin ao clericalismo na organización e na estrutura operativa e relacional da Igrexa. Urxe, polo tanto, no só unha reforma sinodal e democrática de amplo calado, senón unha teoloxía e unha espiritualidade dos abusos que axude a modificar crenzas, ritos doctrinais profundamente arraigados e que lexitiman o poder sacral dos sacerdotes e a súa supremacía sobre os laicos, e especialmente sobre as mulleres.



... (en rebeldía contra un presente de morte)

UN CORAZÓN ABERTO AO MUNDO ENTEIRO



A axuda mutua entre países termina, en realidade, beneficiando a todos. Un país que progresa desde o seu orixinal substrato cultural é un tesouro para toda a humanidade. Necesitamos desenvolver esta consciencia de que hoxe ou nos salvamos todos ou non se salva ninguén. A pobreza, a decadencia, os sufrimentos dun lugar da terra son un silencioso caldo de cultivo de problemas que finalmente afectarán a todo o planeta. Se nos preocupa a desaparición dalgunhas especies, debería obsesionarnos que en calquera lugar haxa persoas e pobos que non desenvolvan o seu potencial e a súa beleza propia por mor da pobreza ou doutros límites estruturais. Porque iso termina empobrecéndonos a todos.

(Papa Francisco. Fratelli Tutti, 137)

O noso taboleiro

A VOLTAS COA COORDINADORA. CUMPRIMOS 40 ANOS!



Neste 2022 cúmprense 40 anos de vida da Coordinadora de Crentes Galeg@s e pensamos que é boa idea parar un intre, botar a vista atrás, agradecer o vivido e programar o futuro.

A todo isto ímoslle dedicar o noso encontro anual que este ano vai ter lugar o **sábado 23 de abril**, no CSC “Agustín Bueno” do Castiñeiriño, co seguinte horario:

- 10.30 h - Acolida
- 10.45 h - Oración inicial
- 11.00 h - Presentación do día e Ver/Xulgar da Coordinadora.
- 12.00 h - Descanso
- 12.30 h - Posta en común e debate do Actuar como Coordinadora. Conclusións.
- 13.45 h - Axenda e avisos varios.
- 14.00 h - Xantar
- 16.00 h - Celebración de acción de grazas polos 40 anos.
- 18.00 h - Despedida

Animamos a todos os colectivos e persoas que nalgún momento tendes formando parte da Coordinadora ou estades interesados en incorporaros, a acompañarnos neste día.

Para facilitar a participación, estamos a preparar un pequeno documento sobre a Coordinadora, que podedes solicitar, xunto con calquera outra información que precisedes, no enderezo: josechobarca@gmail.com

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilár, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedrón, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Baliñas Vidal.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

Conflito, esperanza, resurrección

Xa se achega de novo a Semana Santa. Busco en internet e atopo que cae entre o 10 e o 17 de abril, vexo a páxina da wikipedia, preséntaseme o tempo previsto para estes días ou mesmo poden acceder a webs de turismo.

Semana Santa, vacacións, amizades cos seus plans de escapada, rachar coa monotonía ou mesmo saír para deixar a COVID coma algo do pasado.

Resurrección, desconexión e conflito

“Desconectar” un pouco da rutina e aproveitar eses días festivos, facer unha “escapada”. Preséntaseme uns días para facer planes, que para nada inclúen o tema relixioso.


Semana Santa é un momento de celebración, do acontecemento central da nosa fe cristiá: resurrección de Xesús. É un texto de J. M. Castillo quen mo lembra, onde tamén indica como esta experiencia deixou de ocupar o centro da vida das persoas crentes, máis interesadas por outros aspectos da relixión: a paixón do Señor, a devoción da Virxe ou dos santos, determinadas prácticas relixiosas, etc. E con estas tampouco me sinto identificado.

Teño que buscar que significa para min hoxe a resurrección, ese misterio que é central no seguimento de Xesús. Seguindo ao propio Castillo é optar, comportarse, vivir, de tal xeito que lle deamos razón a Xesús, á súa vida, ou me comportar como aqueles que o asasinaron. E nesta disxuntiva non hai moita escapatoria. Xesús foi perseguido e asasinado por defender ao seu humano, por pórse ao lado das persoas pobres. E nesta opción de vida está implícito o conflito.

A cruz: por que morre Xesús e por que o matan

A Semana Santa, esta en concreto, é un bo momento para volver sobre estas preguntas, para ver que nos din a cada un de nós.

Pertencen a un artigo de Ignacio Ellacuría, publicado en 1977 e que toman, visto a súa vida, unha dimensión inspiradora e profética. Retomemos as súas conclusións.



- Xesús foi asasinado polo seu anuncio do Reino de Deus. A súa mensaxe, a súa vida, era unha ameaza para a orde social, política e económica establecida. Foron os poderosos quen acabaron con Xesús, e 20 séculos despois con Ellacuría e os seus compañeiros.
- Xesús non predica un Reino abstracto ou fóra deste mundo, senón que o leva á práctica na súa vida, polo que entra en conflito cos poderes do seu tempo.
- As persoas que se xuntaron en comunidade tras a morte de Xesús, entenderon que a súa experiencia de fe estaba ligada á vida concreta de Xesús, ao que fixo e ao que predicou, que foi morto e crucificado, pola súa oposición ao mundo do seu tempo.
- A fe verdadeira está fundamentada no seguimento esperanzado de Xesús. A fe na resurrección é a que fai a unha persoa cristiá, e esta non pode separarse da vida concreta de Xesús.
- A conmemoración da morte de Xesús, a Semana Santa, non se realiza simplemente unha celebración cultural e misteriosa, nin nunha vivencia interior da fe, senón que debe seguir na nosa vida os pasos dunha persoa que foi morta violentamente por quen non aceptaron os camiños de Deus.
- Non é posible unha Igrexa onde non se presente, non se viva, a resposta a estas preguntas: por que morre Xesús e por que o mataron.
- A vida de Xesús non finalizou coa cruz.

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Con moito ruído

- Ola, morreu o Caio.
- Quen?
- O Caio... Moito leva estarabouzado...

Tras a triste noticia, o noso veciño explicounos o que era iso de *estara-bouzar*. O Caio era traballador onde os houbera, así sacou adiante un rabaño de fillos, estarabouzando a diario co seu tractor, que era o seu medio de transporte para o ocio e para o negocio. Estarabouzar é facer moito ruído, un ruído forte e molesto; aos veciños de Lagoa non lles molestaba.

E moito han estarabouzar tamén en Ucraína... Pobre de quen... Xa vai alá un mes de guerra e vémonos na obriga de, revisar cuestións lingüísticas das que se fala diariamente.

Ucraínos é o nome dos habitantes e parece que a forma “kievitas” é a máis estendida para o xentilicio de Kiev, que debemos transcribir sen acento. Ao estarmos a representar unha lingua non románica e con un alfabeto diferente, podemos atopar ata seis formas para o mesmo termo. Pasa co nome da moeda do país: *hryvnia*, *hrivna*, *grivnai*,

grivna, *hryvna* ou *grivna*, parece que esta última forma é a máis aceptada.

Imos repasar como transcribir tamén nomes propios. Comezamos polo protagonista ruso Vladímir Putin. Xa verriades que antropónimos e topónimos de linguas de familias moi diferentes á nosa, ás veces transcríbense e pronúncianse de xeito que parece que se está a falar de lugares diferentes. Movémonos entre Lugansk e Luhansk (forma ucraína), entre Járkov e Kharkov; entre Dombás e Donbás, Donbáss;... e non conseguimos saber cal se considera máis correcta, para nós sería a que se achegue máis á pronuncia da lingua orixinal.

E neste campo semántico que nos toca, pechamos cunhas pinceladas gráficas.

- Temos que escribir “proeu-ropeo” e “pro-rroso” (sen guión)

- As maiúsculas son para nomes como o *Kremlin* (rematado en ene) que fai referencia á cidadela amurallada de Moscú, ou para o Consello Supremo ou Rada Suprema que é o nome oficial do parlamento de Ucraína; pero non para “lei marcial” que, por moi excepcional que sexa non hai razón para poñerlle maiúscula.

A ver se cando a revista chegue ás vosas mans, tivese isto pasado de moda...



O facheiro da precariedade

As que limpan



Seguimos en racha teatral, porque se xuntan unha mancha de estreos de moita valía. Unha delas é *As que limpan*, unha obra da compañía *A panadaría*. As tres directoras, dramaturgas, escenógrafas e actrices que forman a compañía achégannos desde o humor ata o mundo das persoas invisibles que limpan nos hoteis: as camareiras de piso. Fano, ademais, desde un absoluto respecto e repartindo críticas non só a un mundo que permite tales explotacións senón tamén a un tipo de turismo que leva por diante todo o que faga falta. Hai tamén, coma quen non quere a cousa, unha mirada sociolingüística por parte dunhas rapazas que apostan polo teatro en galego. En canto a obra, baseada nun texto orixinal que elas mesmas escribiron despois dunha detallada documentación, segue na liña do seu anterior éxito, *Elisa e Marcela*, sacando o máximo proveito dos mínimos elementos escénicos. E para que non falte nada, música orixinal. É de asistencia obrigada.

A.Q.